

OBXECTIVOS

Promover o voluntariado, a cooperación entre os sexos, a igualdade e a solidariedade. Transmitir as actitudes positivas de cara á conservación do patrimonio natural, cultural e especialmente respecto ao medio mariño, á biodiversidade e á etnografía marítima.

Promover o uso do galego e do léxico marítimo. Coñecer a riqueza biolóxica das especies que habitan no mar. Concienciar da necesidade dos bos hábitos alimentarios, como medida de calidade de vida sa.

Sensibilizar sobre as consecuencias dos impactos das actividades humanas nos ecosistemas mariños. Coñecer as ferramentas de xestión da pesca e do marisqueo. Concienciar fronte á contaminación mariña e analizar as formas de combatela.

CONTIDO

O estudo do litoral: trataranse os campos de coñecemento relativos ás formacións xeolóxicas costeiras e a flora e a fauna do litoral. O traballo no mar basearase nos labores extractivos de marisqueo a pé, e outros labores litorais. A idea forza é a diversidade biolóxica do efecto borde terra-mar, o impacto ambiental das actividades humanas e as medidas correctoras que se poidan aplicar, as ferramentas de ordenación e xestión.

ACTIVIDADES

Recoñecer o intermareal, Ría de Arousa ou Golfo Artabro
Visitar a salgadeira de Punta Moreiras
Saír no pailebote Nieves
Visitar o Acuarium Galicia
Observar e identificar a fauna mariña salvaxe: as aves e os cetáceos

INSTALACIÓNS

Albergue Xuvenil *As Sinas* (Vilanova de Arousa)
36620 Pontevedra. Tel.: 986 554 081

Albergue Xuvenil *Gandarío* (Bergondo)
15167 A Coruña. Tel.: 981 791 005

Todas as actividades poderanse modificar ou cancelar polas condicións climatolóxicas ou pola imposibilidade técnica e/ou material.

DATAS

Desenvolverase de luns a venres segundo as datas:
Abril 2009: do 20 ao 24; maio 2009: do 4 ao 8, do 11 ao 15, do 18 ao 22 e do 25 ao 29; xuño 2009: do 1 ao 5, do 8 ao 12, do 22 ao 26. (A incorporación ao albergue é o luns pola tarde e a saída é o venres despois do xantar).

EQUIPAMENTO

Os/as participantes levarán os útiles de aseo persoal, as toallas, a roupa de abrigo, o calzado deportivo, a protección solar e o saco de durmir.

NÚMERO DE PRAZAS

50 persoas por quenda (incluído o profesorado, de ser o caso).

PREZO

O prezo por praza é de 56 €. Quen posúa o carné xove Euros ≤30 gozará dun desconto do 25% (42 €). O prezo inclúe o aloxamento, en réxime de pensión completa (en cuartos de uso múltiple), as actividades con persoal técnico, as visitas e a navegación nos barcos, un seguro de accidentes e de responsabilidade civil e o desprazamento ao albergue (tanto de ida coma de volta).

XUNTA DE GALICIA
VICEPRESIDENCIA DA IGUALDADE E DO BENESTAR
Secretaría Xeral do Benestar
Dirección Xeral de Xuventude e Solidariedade

SOLICITUDE DE PARTICIPACIÓN 2009

Sr. director xeral de Xuventude e Solidariedade
Edificio Administrativo San Caetano, s/n Blq-III 1º andar
15781 SANTIAGO DE COMPOSTELA
Teléfono 981 957 057

Centro: . . . . . .
Director/a do centro:. . . . . .
Profesor/a responsable do grupo: . . . . . .
Rúa: . . . . . .
Localidade: . . . . . .
CP: . . . . . Concello e provincia: . . . . . .
Tel.:. . . . . Fax.: . . . . . .
Correo electrónico: . . . . . .

SINALAR DESTINATARIOS:

- ☐ 3º ESO
- ☐ 4º ESO
- ☐ 1º BACHARELATO
- ☐ 2º BACHARELATO

Solicita a participación de (**número): .....alumnos/as, acompañados por (número).....profesores.

*** No caso de ter confirmación escrita de participación do centro educativo por parte da Dirección Xeral de Xuventude e Solidariedade, o número de participantes non poderá ser inferior ao 75% de prazas solicitado, de ser inferior o centro poderá ser excluído do programa.*

* *Cubrir a folla de inscrición en formato electrónico e xuntar as autorizacións de baño e incidencias médicas.*

Data e sinatura

INSCRICIÓNS

As solicitudes enviaranse por correo electrónico ao seguinte enderezo: belen.sancosmed.salgado@xunta.es.

SELECCIÓN

Os criterios de selección serán os seguintes:

1. Orde de chegada das solicitudes
2. Centros que non participaron na edición anterior
3. Centros que se aproximen máis ao número de prazas ofertadas (50, incluído o profesorado de ser o caso)

Unha vez que a Dirección Xeral de Xuventude e Solidariedade confirme a súa participación, a través dun correo electrónico **comunicaránselles aos centros as instrucións para efectuar o pagamento (único e do 100%), nos 10 días hábiles seguintes a aquel en que reciban a dita confirmación**. O centro deberá garantir, como mínimo, o 75% das prazas que solicitou. En caso contrario, poderá ser excluído do programa. Non se considerará en firme ningunha solicitude sen este trámite. As taxas só se devolverán cando a Dirección Xeral de Xuventude e Solidariedade anule o programa ou non preste o servizo.

Lugo

Servizo de Xuventude.
Rda. Muralla, 70. 27002 Lugo.
Tel. 982 294 224

Pontevedra

Servizo de Xuventude
Edif. administrativo da Xunta.
Concepción Arenal, 8 - 1º. 36201 Vigo
Tel. 986 817 078
Oficina Local de Pontevedra
Rúa Fernández Ladreda, 43 - 2º andar
36003 Pontevedra
Tel. 986 805 530/1

Ourense

Servizo de Xuventude.
Av. da Habana, 81 baixo. 32004 Ourense.
Tel. 988 386 118

A Coruña

Servizo de Xuventude
Rúa Enrique Mariñas, s/n, andar 11 - Edif. Proa Matogrande
15009 A Coruña. Tel. 881 881 238.
Oficina Local de Ferrol
Edif. administrativo Praza Camilo José Cela, 1º. 15403 Ferrol.
Tel. 981 337 290.
Centro Coordinador de Información e Documentación Xuvenil
Pza. do Matadoiro, s/n. 15781 Santiago de Compostela.
Tel. 981 583 900.

INFORMACIÓN

Vicepresidencia da Igualdade e do Benestar.
Dirección Xeral de Xuventude e Solidariedade.
Edif. administrativo San Caetano s/n, bloque 3 - 1º andar
15781 Santiago de Compostela
Tel.: 981 957 057

xuventude.net
O noso mellor portal de información

Teléfono xove 902 152 535

É un programa de educación e promoción do voluntariado ambiental sobre o litoral e o medio mariño. Baixo este título propoñemos unha serie de actividades que acheguen o público á práctica dos coñecementos adquiridos, no ámbito do ensino ou do coñecemento xeral, relativos ao mundo mariño, tanto na súa vertente ecolóxica como na etnográfica, mostrando as embarcacións antigas e tradicionais, as actividades extractivas no mar, a complexidade do ecosistema acuático e a biodiversidade mariña.

Colaboran:

Imaxes: Tokio. Deseño: ASTROPENTA, S.L. . Imprime: Feito S.L. 2008. Dep. Legal: Vg. 97-2009